

En sociedade

UNHA FIN DE SEMANA DE VIÑO E ROSAS

NOS ÚLTIMOS SETE DÍAS HOUBO EXALTACIÓN DOS CALDOS DA RIBEIRA SACRA E A INACABABLE FESTA POLO TÍTULO DA CHAMPIONS DO REAL MADRID. NOS QUE VEÑEN POR DIANTE, TÓCALLES CELEBRAR A MARCOS PEÓN E VAQUERO


▶ TEXTO: MARU TORRES
FOTOS: AEP, TÓÑO PARGA, EFE

Concha Cuetos, namorada da Ribeira Sacra

É un feito incuestionable: tódolos que visitan a Ribeira Sacra lucense namóranse da zona. A última en sentir este flechazo foi a actriz **Concha Cuetos**, que a pasada fin de semana foi unha das integrantes do panel de cata dos premios anuais da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Concha, que se mostrou moi simpática e locuaz, contou que entrou no mundo do viño da man de **María Isabel Mijares y García Pelayo**, química, enóloga e asesora vitivinícola da ONU. A actriz meteu-se na pel desta experta para rodar un documental sobre a súa vida e descubriu un universo que a fascinou e a atrapou.

Concha Cuetos, aínda que coñecía a denominación e varios dos seus viños —que tamén se venden en tendas especializadas de Madrid—, era a primeira vez que viaxaba ata Ribeira Sacra. Os caldos descubriunos porque «teño un xenro ao que eu metín no mundo do viño e que ás veces aparece pola casa con cousas curiosas. El foi o primeiro que me trouxo un Ribeira Sacra».

A intérprete pasou dous días no Parador de Monforte participando nas distintas catas, pero tamén tivo tempo de visitar o Pazo de Tor e Adegas Moure, de onde saen os caldos de Abadía da Cova. Esta adega está no Saviñao, con vistas ao meandro do Miño coñecido como O Cabo do Mundo, co que Concha Cuetos quedou «de pedra. Es uno de los sitios más bonitos que vi en toda mi vida y no pude evitar hacer muchas fotos para mis amigos. Se las mandé con este mensaje: El paraíso existe». Tamén lle mandou as imaxes a súa familia, que compartiu o seu entusiasmo. Concha relata que a súa filla lle contestou: «Mamá, qué bien te lo pasas y a que sitios vas», así que agora traerá aos seus de visita. E moi pronto, asegurou.



Concha Cuetos, Diego López con Zoe e Marcos Peón.



A nena de Diego López, no céspede do Bernabeu

Hai máis dunha semana, pero os ecos da final da Champions, que gañou o Real Madrid, aínda colean. Houbo moitas noticias sobre o partido, sobre as festas, sobre a multitudinaria recepción da afección aos seus ídolos... e aí é onde me vou centrar, xa que nesta os 'galácticos' deixaron ver o seu lado máis emotivo. Así, foron moitos os xogadores que quixeron compartir cos seus fillos a celebración da décima sobre o céspede do Santiago Bernabeu, como foi o caso de **Iker Casillas, Xabi Alonso, Álvaro Arbeloa, Ángel de María, Pepe, Gareth Bale...** e **Diego López**. O gardameta lucense viviu un momento inesquecible, xa que uniu a felicidade que sentía pola vitoria do seu equipo ao seu orgullo de pai, desfilando coa súa pequena **Zoe** —ataviada co mesmo traxe que loce o seu pai habitualmente, co seu nome e número nas costas— polo estadio, recibindo os aplausos dos miles de espectadores presentes, aos que a nena miraba con curiosidade ben abrazada a súa boneca. Iso si, como o cortés non quita o valente, Zoe compaxinou o seu uniforme deportivo cun coqueto lazo vermello no seu pelo.

Os seguidores de Vaquero e Peón teñen moito que oír

Os seguidores de **Arturo Vaquero** (Dummie Project) e **Marcos Peón** xa poden gozar, dende o venres en internet, do seu videoclip, 'Ring my bell', editado por Tullido Records, o selo discográfico dixital creado polos dous músicos lucenses xunto co coruñés **DJ Frisco**. 'Ring my bell' foi grabado en Lugo, no Royal Boundary, e conta coa colaboración da vocalista italiana **Valentina Procopio**. Pero o tándem lucense ten moitos máis motivos de satisfacción, xa que, por exemplo, o vindeiro martes sairá á venda o seu primeiro recopilatorio de temas propios. Eles están moi ilusionados e nós desexámoslles a mellor das sorte con este traballo.